

EDUARDO PONDAL

1	Onde naceu Pondal en 1835?	En Ponteceso, comarca de Bergantiños. A súa familia era fidalga e “indiana”. El viviu coma un fidalgo, limitándose a escribir.
2	De neno recibiu educación...	Na cultura grecolatina e nos idiomas clásicos
3	En Santiago... que estudou? A quen coñeceu?	Estudou Bacharelato e Medicina. Frecuentou o “Liceo de la Juventud” onde coñeceu a Rosalía, Murguía e Aurelio Aguirre.
4	Que foi o Banquete de Conxo en 1856?	Reunión clandestina de estudantes, artesáns e intelectuais para discutir e espallar logo reivindicacións e proclamas democráticas.
5	Como participou Pondal no Banquete de Conxo?	Leu un dos seus primeiros poemas en que ataca os privilexios da aristocracia e chama ao pobo para que se rebele.
6	Cal foi o seu primeiro poema en galego?	“A campana de Anllóns”, incluído no Álbum de la Caridad (1862)
7	Que era a “Cova Céltica” e por que se denominaba así?	A librería que Carré Aldao tiña na Coruña. Centro de reunión dos intelectuais, historiadores e escritores galegos que defendían o “celtismo”.
8	Onde morreu Pondal en 1917?	Morreu na Coruña. Encerrárase nunha pensión coruñesa afectado de loucura (polo agravamento da neurose progresiva que padecía) e cegueira irreversible. Non quixo ver nin falar con ninguén por temor de que lle roubasen as carpetas e maletas onde gardaba os orixinais.
9	Onde se depositou o seu legado documental?	Na Biblioteca da RAG
10	Cantos poemas ten Rumores de los pinos (1877)?	21 poemas en total: 8 en español, 11 en galego e 2 bilingües
11	Cal é a principal obra de Pondal, publicada en 1886?	Queixumes dos pinos . Son 91 composicións (89 en galego e 2 bilingües), entre as que se atopan 17 poemas de Rumores
12	Cales son os compoñentes temáticos e ideolóxicos básicos de Queixumes... ?	Celtismo, bardismo, misoxinia e helenismo.
13	A temática de Queixumes dos pinos é reducida e repetitiva...	1 A evocación do pasado celta glorioso 2 A exhortación aos galegos para a loita pola dignidade no presente 3 A incompreensión da que é vítima o bardo 4 A morte digna e heroica 5 A posesión sexual violenta da muller 6 A reivindicación do idioma galego 7 O paso do tempo...

14	Como se titula o poema de Queixumes dos pinos cuxas primeiras estrofas foron elixidas polos emigrados en Cuba como letra para un himno que acabará por converterse no Himno Galego con música do compositor mindoniense Pascual Veiga?	“Os Pinos”
15	Como se titula o poema narrativo onde Pondal canta a fazaña de Cristovo Colón e os mariñeiros galegos que supostamente o acompañaron?	Os Eoas . Canta as fazañas dos “eoas” (fillos do Sol, galegos) na conquista e colonización de América.
16	Que modelo seguiu Pondal para escribir Os Eoas ?	Os Lusíadas, de Luís de Camões serviu de modelo estilístico, métrico e temático. Canta as fazañas dos “lusíadas” (fillos de Luso, portugueses) na conquista e colonización das Indias orientais.
17	Desde 1880 a prensa galega deu avisos sobre a “inmediata” publicación do proxecto literario titulado Os Eoas . Pero por que non foi publicado ata datas relativamente recentes (1992 e 1914)?	Posibles causas: 1 Pondal estaba cada vez máis enfermo de neurose e continuou facendo e refacendo a obra. Sentía pánico de que a publicación supuxese un fracaso. 2 O poema era moi extenso e escrito nun galego moi coidado e difícil. 3 A consciencia de Pondal sobre o carácter anacrónico dunha obra do xénero da epopea... e o parecido excesivo con Os Lusíadas .
18	Cales son os principais trazos da ideoloxía de Pondal?	As ideas galeguistas e celtistas.
19	De onde parte a estética pondaliana tan persoal, orixinal e inconfundible?	Da influencia das correntes simbolistas e formalistas da poesía europea de fins do XIX.
20	No iberismo de Pondal que papel fai Galicia e o galego?	Galicia fai de ponte entre hispanos e lusitanos. O idioma galego serve de vínculo entre galegos e portugueses.
21	Que adxectivos se asocian con elementos cargados de negatividade?	Os adxectivos feminino, femíneo, muliebre, etc asociados ás ideas de brandura, suavidade, pequenez ou covardía.
22	Na particular cosmovisión de Pondal a que se asocia o masculino (fronte ao feminino)?	O masculino asóciase ás ideas de rudeza, intelixencia, valentía ou fortaleza, e é visto como algo positivo.
23	Na particular cosmovisión de Pondal a que se asocia o feminino (fronte ao masculino)?	O feminino asóciase ás ideas de brandura, suavidade, pequenez ou covardía e é visto como algo negativo.
24	Como aparece a muller en Pondal?	Aparece vista a través dun pensamento machista e misóxino. Préséntaa coma unha presa de caza ou un froito a disposición do home.
25	Como ve a relación amorosa entre un home e unha muller?	É coma un combate, unha conquista violenta, con vencedor e vencida.

26	Cal é a pegada da cultura clásica na obra de Pondal?	1 Menciona personaxes históricas e míticas da Grecia clásica: Epaminondas, Dafne, Leónidas, Tyrteo... 2 Topónimos como Athenas, Sparta, Héliade, Thermópilas... 3 Cultismos de orixe grega 4 No tratamento do tema da morte heroica e gloriosa en combate.
27	Como concibe Pondal a súa poesía?	Como un himno encamiñado a erguer o ánimo dos galegos.
28	Cal é o papel da <u>natureza</u> na poesía pondaliana?	Unhas veces <u>personificada</u> (árbores, vento e aves escoitan, falan, transmiten mensaxes) e outras con <u>valor simbólico</u> (a grandiosidade e a forza desatada da natureza = o propio espírito do bardo ou as tormentas que o axitan)
29	Pondal converteu unha lingua de ferro nunha lingua de ouro. Que significa?	Esforzouse por crear un rexistro culto, refinado e literario para o galego. Sobre a base do galego natal de Bergantiños introduce cultismos gregos e latinos. Elimina os vulgarismos e castelanismos.
30	O seu estilo poético caracterízase por:	Abundante adxectivación con correspondencia na oposición semántica férreo/doce e masculino/feminino Uso de epítetos (garrido, lanzal, esquivo...) Elementos naturais como símbolos (as aves, os piñeiros...) Emprego abundante de topónimos e antropónimos de resonancias célticas, clásicas e heroicas Gusto polos paralelismos e similitudes

"Nazón de Breogán" ou "Fogar de Breogán"	=	Galicia
"Os rumorosos"	=	Os piñeiros
"Vagamundas"	=	Andoriñas
As aves	~	Liberdade, tristura, paso do tempo
Os piñeiros	~	Pasado histórico celta e a memoria colectiva

CELTISMO (Historiadores do XIX como Vereá Aguiar, Murguía ou Vicetto)

Pondal cre que a base étnica do pobo galego é celta.

Antigos celtas (Breogán—principal xefe celta galaico—, Ith,) serían os nosos devanceiros, a orixe da “raza” galaica.

Constrúe poemas que aluden en ton épico a feitos dos heroes celtas, reais ou inventados, paradigmas da forza, do valor e do sentido da dignidade.

Topónimos bergantiñáns: utilízaos para nomear estes heroes inventados (Gundar, Brandoñas)

“Nazón de Breogán” ou “fogar de Breogán” = Galicia

Recurso ao pasado mítico celta: Galicia é un pobo con historia propia e cun pasado glorioso, así que son lóxicas e lexítimas as reivindicacións galeguistas de liberdade formuladas na época do Rexurdimento.

Intenta convencer os galegos da necesidade de recuperaren a súa autoestima colectiva, así que son frecuentes os chamamentos á loita e as imprecacións contra o desleigamento idiomático dalgúns galegos.

BARDISMO (influencia do “ossianismo” do XVIII, corrente creada por Macpherson, poeta escocés)

Pondal di ser o “bardo” moderno do pobo galego

A súa obra é a revelación –ante os galegos do seu tempo – dun pasado celta glorioso. Isto serve de estímulo e orgullo para loitar contra o sometemento da Galicia do seu tempo.

[Bardo= sacerdote-poeta-adiviño celta

= sabio, que lle transmite poeticamente á tribo información do seu pasado. Orgullo de pertenza ao clan.]

O papel de bardo crea no poeta un sentimento de superioridade sobre o común dos mortais, mais resulta unha tarefa ingrata, pois o bardo é un ser solitario, atormentado, de aspecto descoidado, triste e incomprendido.